

**MELLORA DA ACCESIBILIDADE E  
CONECTIVIDADE DAS PARADAS DE AUTOBÚS  
SITUADAS NA RAEG NAS RUTAS  
DE ACCESO POLO NORTE Á CIDADE DE LUGO**

**CLAVE: LU/22/055.06**

## 1. Obxecto da Actuación

O obxecto do presente proxecto é definir e xustificar as actuacións que a Xunta de Galicia levará a cabo para a mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas (RAEG), no ámbito das rutas de acceso á cidade de Lugo polo norte. As paradas sitúanse sobre as estradas LU-106, LU-111, LU-113, LU-114, LU-115, LU-124, LU-171, LU-232, LU-234, LU-530, LU-541, LU-546, LU-612, LU-750 e LU-862.

As actuacións atópanse enmarcadas nos seguintes municipios: Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Lugo, Meira, Outeiro de Rei, Riotorto, O Vicedo, Xove.

## 2. Plan de Estradas

A estrada autonómica LU-106 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-111 encádrase na Rede Complementaria Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-113 encádrase na Rede Complementaria Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-114 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-115 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-124 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-171 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-232 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia entre os pp.qq 0+000 e 0+680 e encádrase na Rede Complementaria Convencional entre o pp.qq 0+680 e 19+510.

A estrada autonómica LU-234 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-530 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia entre os pp.qq 0+855 e 2+750 e encádrase na Rede Complementaria Convencional entre os pp.qq 2+750 e 57+910.

A estrada autonómica LU-541 encádrase na Rede Complementaria Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-546 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-612 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-750 encádrase na Rede Complementaria Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica LU-862 encádrase na Rede Estruturante Convencional da Xunta de Galicia entre os pp.qq 69+510 e 90+080 e entre os pp.qq 98+220 e 99+570. Encádrase na Rede Local Convencional entre os pp.qq 90+080 e 98+220.

## 3. Descrición da Actuación

Con este proxecto preténdese a mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús nas vías autonómicas de acceso á cidade de Lugo polo norte. As actuacións consisten basicamente na mellora dos apartadoiros para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída, así como o acondicionamento dos itinerarios peonís na contorna das paradas.

Coas actuacións proxectadas tratouse de dar cumprimento á normativa vixente de accesibilidade e utilización do transporte público, configurando itinerarios con largura mínima accesible e dispoñendo pavimentos diferenciados (podotáctil). Tamén se proxectou a colocación de refuxios, coa tipoloxía definida pola Dirección Xeral de Mobilidade, e se deseñou a mellora da sinalización horizontal e vertical.

## 4. Características técnicas

**Refuxios:** con carácter xeral colocaranse refuxios de tipo rural, coas características definidas pola Dirección Xeral de Mobilidade, e só se colocarán refuxios de tipo urbano nos núcleos urbanos consolidados.

**Firmes:** nas ampliacións de plataforma para configurar o apartadoiro con largo suficiente ou para completar as cuñas de entrada e saída da parada de autobús, proxectouse unha sección de firme de 20 cm de saburra artificial ZA-25 como capa de base e 2 capas de mesturas bituminosas en quente (MBQ), unha capa intermedia de 10 cm de AC 22 bin 50/70 S e unha capa de rodadura de 5 cm de AC 16 SURF 50/70 S.

Nas zonas de firme existente proxectouse unha mellora do firme sen aumento da súa cota, fresándose 5 cm do firme existente e substituíndoo por unha capa de rodadura de 5 cm de AC 16 SURF 50/70 S.

Entre as capas da sección aplicaranse os seguintes regos:

- Rego de adherencia: emulsión asfáltica C60B3 TER en regos termoadherentes. Aplicarase sobre a capa AC 22 BIN ou sobre firme existente.

- Rego de imprimación: emulsión asfáltica C60BF4 IMP en regos de imprimación. Aplicarase sobre a capa de saburra.

**Pavimentos:** nos tramos onde non existen na actualidade beirarrúas a tipoloxía do itinerario peonil será unha senda de formigón limitada por un bordo estético de 0,15x0,22 cm; formada por unha capa de 16 cm de formigón HF-3,5 vibrado/coloreado en central, cor terrizo, reforzado con mallazo 150x150/Ø6 mm. Nas frontes de acceso rodado a predios dispónse mallazo 150x150/Ø10 mm e o espesor do pavimento de formigón da senda nestas entradas será de 20 cm. O ancho da senda será variable cun valor mínimo de 1,8 m. A elevación con respecto á rasante da calzada será de 10 cm, exceptuando nos accesos rodados a fincas e nas conexións con itinerarios peonís existentes.

## 5. Poboación Servida

Abadín: 2.297 hab.

Begonte: 2.976 hab.

Castro de Rei: 5.110 hab.

Cospeito: 4.374 hab.

Lugo: 97.613 hab.

Meira: 1.731 hab.

Outeiro de Rei: 5.216 hab.

Riotorto: 1.213 hab.

O Vicedo: 1.657 hab.

Xove: 3.360 hab.

**TOTAL: 125.547 hab**

## 6. Concellos Afectados

Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Lugo, Meira, Outeiro de Rei, Riotorto, O Vicedo, Xove

## 7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 27 en pleno dominio. A superficie de expropiación definitiva é de 1.319 m<sup>2</sup>

Expropiacións e bens afectados: 28.387,78 €

Premio afección 5%: 1.419,39 €

**Total expropiacións e indemnizacións: 29.807,17 €**

## 8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DEZAQOITO (18) meses.

## 9. Orzamentos

**Orzamento Base de Licitación: 1.623.790,66 €**

Expropiacións e indemnizacións: 29.807,17 €


Servizos afectados: 718,00 €

**Orzamento para coñecemento da administración: 1.654.315,83 €**

## 10. Orzamentos por concello e estrada

Concello	Orzamento %
Abadín	1,72
Begonte	3,25
Castro de Rei	7,03
Cospeito	3,06
Lugo	57,28
Meira	1,75
Outeiro de Rei	4,67
Riotorto	1,98
O Vicedo	10,95
Xove	7,79

Plano de situación:



Planta de actuaciones (ejemplos de paradas)

